

# COLEXIO DE CERVO

## PROXECTO COORDINADO POLA BIBLIOTECA DO CEIP DE CERVO BIBLIOCERVO

### PDI BIBLIOCERVO.2:

#### "MENS SANA IN CORPORE SANO"



- a. Introducción
- b. Obxecto ou temática de investigación propostos.
- c. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.
- d. Documentación elaborada para profesorado e alumnado.
- e. Relación das tarefas más importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.
- f. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.
- g. Implicación da comunidade educativa, no seu caso.
- h. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.
- i. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliação e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.
- l. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



### CEIP DE CERVO

Enderezo: Rúa Pedrouzo, s/n, Cervo (Lugo)

C.P. 27891

Teléfono: 982870207

Enderezo electrónico: [ceip.cervo@edu.xunta.gal](mailto:ceip.cervo@edu.xunta.gal)

Blog: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/bibliocervo>



## **1. Contextualización e xustificación:**

O Colexio de Cervo está situado na vila do mesmo nome, na Mariña Lucense, a carón do complexo artístico e industrial de Sargadelos; o cal imprime dunha personalidade especial ao centro. Somos un colexio rural e pequeno, dunha soa liña, cunha matrícula de 118 alumnos e alumnas procedentes da capitalidade do concello, das súas parroquias e dos concellos limítrofes. O claustro está formado por 17 mestras e mestres, todos definitivos, o que facilita a continuidade no traballo nos diferentes proxectos nos que levamos inmersos nos últimos anos, así como a coordinación entre o profesorado. Sempre participamos en proxectos de formación e de innovación, normalmente baixo a coordinación da biblioteca, o noso centro creativo de aprendizaxes.

No ano 2008 comezamos a formar parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, no 2010 recibimos o Premio de Boas Prácticas do MEC e nos anos 2016 e 2018, fóronnos outorgados dous Premios Autonómicos ao traballo por proxectos coordinados pola biblioteca escolar. Tamén formamos parte dos proxectos de Biblioteca Creativa, Radio na Biblio, Clubs de Lectura e Lectura e Familias, grazas aos cales podemos implementar o traballo ALFIN/AMI coas diferentes actividades derivadas dos mesmos dentro da nosa biblioteca.

Ademais de todo isto, no curso pasado, pudemos ver rematada a biblioteca dos nosos soños tras ser colexio elixido para entrar a formar parte dos centros **LIA.2**, grazas ao cal se realizou unha reforma integral do espazo da biblioteca co conseguinte equipamento que pudemos realizar debido á dotación económica derivada de dito Plan.

A case ausencia de libros de texto no noso centro, lévanos ao traballo por proxectos con carácter interdisciplinar, global e anual, baixo a coordinación da biblioteca e que leva a cabo todo o alumnado do centro. Nestes cursos son moitos os proxectos interdisciplinares que fomos realizando, pero cabe resaltar o feito de que nestes últimos anos a multialfabetización do noso alumnado, o traballo colaborativo e o impulso dos campos do coñecemento do ámbito **STEAM**, tiveron especial protagonismo. Cabe destacar tamén, que o noso colexio forma parte da Rede de Centros Abalar e E\_dixgal, co cal contamos cos recursos precisos para o desenvolvemento desta tipoloxía de actividades ademais de favorecer a implementación destas metodoloxías activas de aprendizaxe coas que o alumnado está plenamente familiarizado. Como cada curso, o profesorado do centro, traballou nun proxecto global de centro chamado "**BIBLIOCERVO.2: MENS SANA IN CORPORE SANO**", que nace da necesidade do coidado da saúde do noso alumnado, a nivel físico e mental, que se acentuou despois do confinamento no que estivemos inmersos e no que tamén fomos conscientes da importancia do coidado do medio e o beneficio que nos proporciona. Este Proxecto Documental Integrado de carácter interdisciplinar, foi coordinado desde a biblioteca, segundo as liñas prioritarias (Anexo VIII do PLAMBE XVII) aprobadas a finais do curso pasado, contou coa colaboración do resto de equipos e levouse a cabo de maneira integrada no currículo de todas as áreas e niveis, sendo, unha vez máis, o proxecto de centro e eixe vertebrador do proceso E-A das actividades levadas a cabo no centro, tal e como se recolle dentro do Plan Anual de Lectura e da PXA (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/comezo>).

## **2. Planificación para a súa integración no currículo**

Este proceso, como cada ano, comezou no mes de xuño do curso pasado. Foi durante este mes cando o equipo de biblioteca definiu as directrices sobre as que se ía asentar este proxecto, que foi presentado ao claustro e ao consello escolar para a súa aprobación, polo seu carácter vinculante. A partir dese momento comezou un arduo proceso a través

do cal se artellaron os mecanismos precisos para coordinarnos cos diferentes equipos e departamentos, posto que todos remamos nunha mesma dirección.

Para satisfacer as demandas do profesorado e do resto da comunidade educativa, así como para facilitarles o acceso ao proxecto, a biblioteca encargouse de actualizar e ampliar os fondos bibliográficos e audiovisuais para o seu desenvolvemento, buscar recursos dixitais e centralizalos no blog, elaborar materiais e organizar obradoiros de formación de usuarios, ALFIN, boletíns dixitais de recomendacións lectoras, actualizar os Itinerarios Lectores e programar as actividades complementarias a desenvolver. Este **Plan Anual** facilitóuselle ao profesorado no mes de setembro, de xeito que o puideron incorporar ás súas programacións de nivel.

Así mesmo incluíuse na PXA e o mestre responsable da biblioteca incorporouse á CCP. Así pois, no 1º trimestre perfiláronse e concretáronse o grosor do deseño das tarefas e actividades e no 2º e 3º trimestre aplicáronse, tratando de integralo en todas as áreas do currículo, dos diferentes niveis. Para isto, a parte das reunión que leva a cabo o Equipo de Biblioteca tamén facemos xuntanzas do equipo docente, tanto de Infantil como de Primaria, periodicamente, a instancias da Xefatura de Estudos onde se fan propostas e se concretan as actividades para o seu desenvolvemento.

Segundo a folla de ruta que nos marcamos anualmente decidimos de novo realizar ACTIVIDADES DE FORMACIÓN que nos facilitaran e nos aseguraran o cumprimento dos nosos obxectivos. Estamos firmemente convencidos da necesidade de formarnos cada día no ámbito da innovación educativa, en especial porque potencia as metodoloxías activas de aprendizaxe e isto nos sirve de apoio e soporte para o noso quefacer diario e, por suposto, para acadar os nosos obxectivos neste eido. Ten especial importancia para facilitar e afianzar os lazos entre o profesorado, que contribúen á mellora da coordinación entre profesionais e crea un clima apropiado para o desenvolvemento do proxecto. Neste senso, cabe resaltar que a coordinadora do PFPP é corresponsable do equipo da Biblioteca e que un **100% do claustro, un 100% do Equipo de Biblioteca**, e o equipo directivo, á súa vez compoñentes doutros departamentos tales como **EDLG, VOZ NATURA e TIC-ABALAR-EDIXGAL**, participamos simultaneamente nun PFPP que tratou sobre a **Disciplina Positiva** e pautas para a súa aplicación dentro da aula, que foi un dos temas de referencia dentro da **Escola de Familias**, que tiveron lugar fóra do horario lectivo ao longo do curso.

Ao mesmo tempo, un membro do equipo de biblioteca acudiu aos ENCONTROS de Bibliotecas, Xornadas de Biblioteca Creativa, Xornadas PLAMBE e encontros de Clubs de Lectura. Durante este curso, tamén foi necesario realizar a formación pertinente para facer a migración do antigo programa Meiga ao **Koha**, para a xestión da biblioteca escolar, que supuxo varias horas extra de formación para a adaptación e uso do mesmo.

Con carácter xeral propuxémonos, ao inicio do curso escolar o seguinte:

- **Potenciar e mellorar a coordinación do profesorado do centro, creando un clima propicio de traballo e o emprego de metodoloxías activas, a través do Plan Lector, do PAL e das distintas propostas da biblioteca.**

Como metodoloxía de traballo facemos reunións convxuntas para programar e preparar as actividades, ademais de transmitir as novedades e informacións, para proceder á toma de decisións. Deste xeito favorécese a comunicación e a implicación do claustro nas actividades da biblioteca. No Equipo hai mestras de todos os ciclos, titores e especialistas que transmiten as informacións ao resto do profesorado. Tamén ten especial relevancia a presencia de parte do **Equipo Directivo dentro do Equipo de Biblioteca, así como de membros do EDLG, Abalar-Edixgal e do Equipo Voz Natura**.

O proxecto global, coas súas actividades temporalizadas, incorporouse a todas as programacións didácticas de nivel e

das especialidades, así como á Programación Xeral Anual. Isto permitiuños que se desenvolvera correctamente ao longo de todo o curso e acadar un alto grado de satisfacción na consecución dos nosos obxectivos.

Ao principio de curso, propuxémonos os seguintes obxectivos, con carácter xeral:

- **Sistematizar as actividades de formación de usuarios, fomento de lectura, educación documental ou para o acceso á información, entre outras, iniciadas ata agora:**

Continuamos facendo actividades de formación de usuarios en todos os cursos de infantil e primaria. Non se trata só de facer actividades puntuais, senón de mantelas día a día, principalmente cando o sistema de traballo implica á biblioteca directamente e sendo, esta, o núcleo de toda actividade. Así ben, tamén organizamos unhas sesións iniciais encamiñadas a esta formación, dirixidas ao alumnado e ao profesorado, centrando especialmente a nosa atención naqueles membros da comunidade educativa de nova incorporación ao centro. Estas sesións estiveron dirixidas por membros do **Equipo de Biblioteca** e temporalizadas durante unha semana, en horario lectivo, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos. Os aspectos traballados neste senso versaron sobre a organización e as novas normas da biblioteca, a CDU, alfabetización informacional e multialfabetización, empregando os fondos da biblioteca. Tivo que ser adiada a formación relacionada coa busca no catálogo e o uso do programa **Koha**, debido á posterior incorporación, que supuxo un incremento das horas de formación de usuarios para coñecer o seu funcionamento e comezar o seu uso. Coma sempre, fixemos especial fincapé en favorecer o uso responsables da rede e o respecto dos dereitos de autoría á hora de elixir música ou imaxes para os seus traballos documentais.

Outro dos obxectivos propostos para este curso, foi o **incremento da participación das familias na vida do centro** e no proceso de E-A, a través de actividades propostas desde a Biblioteca e inmersas dentro dos proxectos de **Lectura e Familias, Biblioteca Creativa, Radio na Biblio e Clubs de Lectura**, para achegarnos, cada vez máis, a **unha biblioteca más inclusiva, humanizada e que continúe sendo elemento compensador de desigualdades e motor cultural da comunidade**.

Durante este curso, tamén se realizaron diferentes talleres e obradoiros, relacionados coa temática do PDI, de **nutrición, elaboración de merendas saudables, relaxación e ioga, coidado das abellas, coidado e coñecemento da flora e da fauna do noso xardín**, etc. que se apoiaron con **bibliografía específica** dentro da biblioteca para o uso do alumnado e do profesorado.

Por outra banda, como todos os anos, o día de inauguración da Biblioteca aproveitamos para dar os carnés aos novos lectores, botaron a andar as mochilas viaxeiras, as caixas cos itinerarios lectores e, a nosa mascota, **PUCA**, que segue a ser o personaxe principal e motivador das propostas desde a biblioteca, foi protagonista do [vídeo de presentación](#) do proxecto que, este ano debido á situación sanitaria, se tivo que facer a distancia en cada aula, tendo que pospoñer as xuntanzas comúns que se facían todos os anos.

### **3. . Referencia aos contidos curriculares, competencias básicas, estándares e criterios de avaliación.**

Para a integración da nosa biblioteca e do noso proxecto no currículo partimos, principalmente, do **RD 126/2014 do 28 de febreiro** e o **Decreto 105/2014 do 4 de setembro** que establece o Currículo de Primaria en Galicia, e que explicita que son sete as competencias clave que o alumnado debe adquirir progresivamente e nas que incidimos, do xeito seguinte, grazas ao desenvolvemento deste proxecto:

**1. Competencia en Comunicación lingüística**, porque facilita o diálogo, a conversación e a expresión oral, escrita e plástica das experiencias e emocións. Amplía as posibilidades de comunicación cos demás e de expresión persoal mediante a utilización de diferentes recursos. Axuda a buscar, seleccionar e procesar a información bibliográfica, mediática, tecnolóxica e audiovisual, a comprender textos literarios e tecnolóxicos, e incorporamos a linguaxe da programación a través da cal o alumnado aprende a dar sinxelas instrucións aos nosos robots (Lego e Escornabots). Tamén aprenderon a manexar diversas fontes de información e recursos, a gozar vendo, escoitando, lendo, relatando, argumentando, programando, construíndo e xustificando os procesos desenvoltos. Contribúe a formar un espírito crítico e a ampliar o léxico referido a ámbito STEAM e ao coñecemento do noso continente e a nosa realidade plurilingüe.

**2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, porque axudoulle ao alumnado a interpretar a realidade a través da información disponible, utilizar e relacionar os números, medidas, o tempo, a secuenciación, a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións. Tomaron conciencia do espazo, das unidades de medida e da xeometría básica aplicada á práctica, da estatística, aplicada ao reconto das merendas e ao consumo de alimentos naturais e ou pouco procesados.

**3. Competencia dixital** ao facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos disponibles para resolver os problemas reais que se propoñían relacionados coa robótica e a programación, pero tamén usando todas aquellas tecnoloxías da información e a comunicación e aumentativas do coñecemento das que dispoñemos para o desenvolvemento dos diferentes PDI propostos pola biblioteca. Isto axúdanos a formar persoas autónomas, eficaces, responsables, críticas e reflexivas ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como no uso das distintas ferramentas tecnolóxicas e de aplicacións sinxelas para levar a cabo estas tarefas.

**4. Competencia para aprender a aprender.** Axuda a saber transformar a información en coñecemento propio, a ser perseverantes na aprendizaxe, administrar o esforzo, auto avaliarse e auto regularse. Afrontar a toma de decisións de forma crítica e reflexiva. Adquirir responsabilidades e compromisos persoais, confianza en si mesmo. Do mesmo xeito, colabora na percepción e mellora do mundo no que viven, gozando del e respectándoo, facendo especial fincapé no mantemento e sostibilidade do medio no que vivimos e nas actitudes que favorezan a súa conservación. Participaron de xeito creativo na realización de receitas e na elaboración dun receitario colaborativo, no coidado do corpo, con responsabilidade á hora de traer as merendas más saudables e complementalas con exercicio físico dentro do cole, cos descansos activos e a milla diaria; coa investigación e coidado das árbores do noso xardín e do seu entorno e a elaboración dun inventario das árbores para o seu coñecemento.

**5. Competencias sociais e cívicas.** Axuda a percibir e comprender o mundo no que viven, gozando del e valorándoo, a comprender sucesos e desenvolver actividades dirixidas á mellora e preservación das condicións de vida propia e das demás persoas. Procuramos incorporar habilidades para que se desenvolvan adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal no ámbito do traballo colaborativo, posto que se traballa en grupo en moitas actividades, áinda que este curso estiveron limitadas polas restricións derivadas da Covid, valorando os traballos e ideas dos demás nun contexto inclusivo. Necesitamos usar habilidades de cooperación para conseguir un produto final e iso leva parello ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.

**6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** Porque o alumnado adecuou os proxectos e as súas producións ás súas capacidades. Afrontou os problemas. Aprendeu dos erros. Buscou as solucións. Planificou proxectos persoais.

Sacou conclusóns. Estableceu diálogos. Autoavalouse. Fomentouse a confianza en si mesmo e o espírito de superación. A toma de decisións con criterio propio.

**7. Conciencia e expresións culturais.** Mostraron curiosidade cara ás diferentes manifestacións e producións artísticas e culturais do seu propio entorno e dos diferentes países europeos, en xeral. Valoraron a cultura e tradicións do lugar onde vivimos e gozaron descubrindo as tradicións propias; con producións artísticas ligadas á súa experiencia persoal, aos seus sentimientos , mostrando actitudes de respeito e colaboración cos demais.

En canto aos obxectivos específicos marcados para este curso, en relación co proxecto coordinado pola Biblioteca, pódese reseñar que permitiu, cun alto grado de satisfacción:

- Potenciar o uso de **metodoloxías activas** e facilitar a súa integración na aula.
- Enlazar o **traballo por competencias** dun xeito **multidisciplinar e globalizado**.
- Integrar no currículo gran variedade de linguaxes nun contexto de **Multialfabetización**, facendo especial fincapé na **linguaxe de programación** Mindstorm (5º e 6º EP).
- Apoiar e reforzar os proxectos que se desenvolvan desde o cole, incluíndoos no **Proxecto Interdisciplinar** que se levou a cabo durante este curso, coordinado pola biblio, “MENS SANA IN COPORE SANO”.
- Apoiar e reforzar os proxectos de **Biblioteca Creativa e Radio na Biblio**, integrándoos no currículum, a través das áreas de ITI e das Linguas.
- Considerar Bibliocervo como un “**centro creativo de aprendizaxe**” onde o alumnado “**aprende facendo**”.
- Desenvolver a competencia **ALFIN/AMI** do noso alumnado a través da programación de múltiples actividades de investigación e tratamiento da información.
- Favorecer a **coordinación** entre todos os órganos de coordinación docente, mellorando a participación dos diferentes membros da comunidade educativa no proceso de E-A.
- Potenciar o coñecemento e práctica dunha **alimentación responsable e saudable, acompañada de exercicio físico ou actividades que melloren o noso estado corporal e mental, sendo conscientes do que isto supón para a nosa saúde**.
- Fomentar o **coidado e protección do medio que nos rodea, co emprego da premisa das 3RRR: reducir, reutilizar e reciclar, encamiñados a cumplir os retos ODS da Axenda 2030**.
- Atender á **diversidade** nun contexto de **inclusión** , afianzando un sentimento de **pertenza** ao centro.
- Favorecer a **convivencia positiva, compensar desigualdades** e servir de **motor cultural** para a Comunidade Educativa.

#### **4. Calendario para as tarefas previstas e organización para a súa realización:**

Como xa se mencionou anteriormente, un dos documentos de referencia e folla de ruta do proxecto, é o **PAL**, que a principio de curso se elabora e se entrega ao profesorado para a súa integración dentro das programacións de aula, desta maneira, puidemos temporalizar e secuenciar as actividades que se levaron a cabo, sempre dun xeito aberto e flexible para adaptarnos ás necesidades e situación de cada momento, pero contando cun guión organizativo para o desenvolvemento do proxecto.

#### **5. Alumnado e profesorado participante:**

A participación, como vén sendo habitual, foi do 100% do alumnado e do profesorado, o que propicia que os resultados dos proxectos levados a cabo sexan sempre moi satisfactorios. Cabe destacar, como xa se mencionou no apartado 3, que as áreas más implicadas neste proxecto, foron as de **Ciencias da Natureza, as LinguaS, a área de Educación Física e Investigación e Tratamento da Información**, que se podería considerar transversal de acordo ao traballo **ALFIN/AMI** que se levou a cabo ao longo de todo o proxecto. Ademais, tanto as áreas de Matemáticas, Ciencias Sociais e Valores, tiveron a súa integración debido á **interdisciplinariedade** do PDI.

#### CARTEIS DE REFERENCIA 21/22

### B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN

Este proxecto, que leva por título “**MENS SANA IN CORPORE SANO**”, naceu da necesidade do coidado da saúde, tanto física como mental, do noso alumnado que se acentuou despois do confinamento no que estivemos inmersos e no que tamén fomos conscientes da importancia do coidado do medio e o beneficio que nos proporciona. Esta idea, xurdiu no momento de elaborar as liñas prioritarias para o PLAMBE XVII, a finais do curso pasado.

No mes de setembro, realizouse a presentación do proxecto e as propostas de actividades coa elaboración do PAL, para que o profesorado puidera incorporala ás súas programacións didácticas, así como a selección de diferentes fontes documentais para iniciar o proceso de documentación sobre os tres bloques temáticos do proxecto: **COIDADO DO CORPO, COIDADO DA MENTE E COIDADO DO MEDIO**.

Para a súa presentación ao alumnado, elaborouse un vídeo inicial no que a nosa mascota, Puca, pedía axuda para mellorar os seus hábitos de saúde coa colaboración do alumnado e que foi o detonante do traballo ALFIN/AMI deste curso que se foron levando a cabo a través de diferentes “Puca quere saber sobre...” e das diversas actividades realizadas dentro das titorías, integradas no traballo curricular de cada nivel.

A nosa andaina durante este curso discorreu arredor de varios eidos de traballo xerais, a maioría deles, xa habituais: **CONTINUOUSE LOITANDO POR UNHA BIBLIOTECA PARTICIPATIVA; DESENVOLVEUSE E POTENCIOUSE O USO DAS LINGUAS PROPIAS E DAS DO MARCO COMÚN EUROPEO** a través das habilidades de falar e escutar (**ONDA PUCA RADIO**, debates, enquisas, faladoiros con familias, asembleas, clubs de lectura...), ler, escribir e busca de información (verbas máxicas, escritura creativa, apadriñamentos lectores, concursos, notas...); **ACTIVIDADES DE MULTIALFABETIZACIÓN e AMI/ALFIN** sobre o coidado da saúde física e mental do noso alumnado así como o beneficio do coidado do medio a través de estratexias para a xestión das emocións, hábitos de alimentación saudables, fomento do exercicio físico a través da música e dos patios activos, as brigadas verdes, potenciación das tres R (reducir, reutilizar e reciclar), cultivo ecolóxico no noso horto escolar, concienciación e coidado das nosas zonas verdes e entorno natural próximo (Río Xunco), cociña saudable... entre outras; **BIBLIOTECA CREATIVA E DIGICRAFT: O PROXECTO ESCORNABOTS, o DESEÑO (TinkerCad) E IMPRESIÓN 3D**, o emprego de linguaxes de programación como **MINDSTORMS** (Robots LEGO) e **SCRATCH...** e a súa integración no currículo a través da área de Investigación e Tratamento da Información en 4º EP e 6ºEP (+3º e 5º) e de obradoiros internivel en Infantil e nos cursos de 1º e 2º; **A POTENCIACIÓN DE APRENDIZAXES DO ÁMBITO STEAM**. Así continuamos potenciando actividades de carácter



científico, tecnolóxico, da enxeñería, das matemáticas e da Arte. Afianzámonos no Movemento Maker (“Faino ti mesmo”), colaborarase con IGACIENCIA e continuaremos ampliando o emprego do MÉTODO ABN na área de matemáticas; **A RIQUEZA ARTÍSTICA NO NOSO PATRIMONIO CULTURAL.** Seguimos potenciando a arte e conmemorando o nacemento de Luís Seoane. Intentouse favorecer o desenvolvemento creativo e artístico do noso alumnado e o recoñecemento de autores e obras artísticas do noso entorno. Fíxose especial incidencia no emprego de material de refugallo na área de Educación Artística; **APERTURA E VISIBILIDADE cara unha BIBLIOTECA PLENAMENTE INCLUSIVA DE TODOS/AS E PARA TODOS/AS**, compensadora de desigualdades, máis que nunca.

Tivérонse, tamén, en conta as conmemoracións anuais propostas desde a Biblioteca e a nosa distribución temática bimensual que se organizou do seguinte xeito: “**Habelas, hailas**” (setembro e outubro), “**Nadal Maker**” (novembro e decembro), “**Paz, amor e Rocksalía**” (xaneiro e febreiro), “**Un neno, un mestre, un libro e un lapis poden cambiar o mundo**” (marzo e abril) e “**A arte das letras**” (maio e xuño).

Este proxecto, que desenvolveu todo o colexio en ámbalas dúas etapas, foi coordinado pola Biblioteca, potenciando e facilitando a súa integración no currículo, o cal nos serviu para enlazar o traballo por competencias dun xeito transversal, multidisciplinar e globalizado. Eliximos este tema para continuar o traballo que se vén realizando no centro, dende hai anos, de ser un centro **sostible e respectuoso co medio** así como de **fomentar hábitos de vida activa e saudable** a través da metodoloxía ABP, da integración de novas linguaxes de programación na biblioteca e no currículo, do traballo ALFIN/AMI, cunha proposta coordinada dende todos os departamentos nun único Proxecto Xeral de Centro cunha grande variedade de ámbitos de actuación configura un dos pilares fundamentais para levar a cabo a **aprendizaxe por competencias** e que contribúe á consecución dos **ODS da Axenda 2030**.

### C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Como xa se mencionou anteriormente, foi no mes de xuño do 2021 cando se perfilaron as liñas prioritarias que ían constituír o guión deste proxecto e, xa no mes de setembro, realizouse unha programación específica e detallada das actividades a desenvolver ao longo de todo o ano en torno ao proxecto “MENS SANA IN CORPORE SANO” e aos diferentes períodos temáticos. Este documento, que configuraba a nosa folla de ruta, trasladóuselle a todo o equipo docente no claustro de inicio de curso e déuselle a coñecer tamén ao Consello Escolar. Posteriormente, a través das xuntanzas coas familias das titorías transmitíuselles ás familias.

A biblioteca tamén fixo propostas de actividades, que organizou e xestionou para que cada nivel as pudera adaptar á súa programación e ás súas necesidades. A continuación poñemos algúns exemplo das actividades que desenvolvemos:

- Investigación e coñecemento sobre a alimentación saudable, para cambiar ou mellorar as **MERENDAS**, tendo en conta as seguintes variantes: **PIRÁMIDE ALIMENTICIA: O TRIÁNGULO DE REFERENCIA; O CHOCOLATE: A QUEN LLE AMARGA UN “DOCE”?; AZUCRE: O INIMIGO BRANCO; HAI QUE LER A LETRA PEQUENA: LECTURA DE ETIQUETAS; FROITAS DE TEMPADA; ULTRAPROCESADOS: QUE NON TE ENGANEN; COMIDA REAL: A DE VERDADE; PARA PAN, O ARTESÁN.** Isto levouse a cabo a través de diferentes materiais ALFIN/AMI, elaborados por nós, en forma de “**Puca quere saber sobre...**”, para os que seleccionamos webgrafía e bibliografía específica que facilitara a busca de información.

- Obradoiros sobre **nutrición e alimentación saudable** a cargo de expertas, entre elas, unha mamá do cole, que tamén elabora o menú escolar.
- **Análise e rexistro das merendas diárias**, con carteis orientativos de referencia, para reflexionar e mudar aqueles alimentos menos saudables que se consumían diariamente.
- Actividade colaborativa coas familias consistente na recompilación e elaboración de receitas saudables para a creación do “**RECEITARIO SAUDABLE DE PUCA**”.
- Elaboración do **CALENDARIO ANUAL** coa recompilación dalgunhas das receitas elaboradas polo alumnado.
- Instigación sobre os nosos **MEDOS** e o autocoñecemento, a través de bibliografía adaptada e das **LENDAS**, para a conmemoración do **Samaín** no Mes do Medo.
- **ALFIN/AMI** sobre o **loga**, como disciplina favorecedora da saúde mental e física e como técnica de relaxación cara a consecución da paz interior e a harmonía co mundo que nos rodea.
- **Obradoiro** práctico de loga para o mellor coñecemento de dita disciplina e para a posta en práctica do aprendido nas investigacións e para a conmemoración do 30 de xaneiro.
- **Descansos activos diarios** para fomentar a actividade física, favorecer o movemento do corpo e concienciar sobre os prexuízos do sedentarismo.
- “**MOVEMENTO MAKER RRR**”: seguindo o proxecto de “**Recíclate con SOGAMA**” no que nos embarcamos durante este curso, elaboramos diferentes propostas reutilizando e reciclando materiais, como o tradicional **agasallo de Nadal**, **as camisetas con versos** para o Día de Rosalía ou os **disfraces de Entroido**.
- **ALFIN/AMI** sobre a **FAUNA E A FLORA** do noso entorno más próximo e o seu coidado a través dun “Puca quere saber...” e empregando os diferentes recursos ofrecidos pola biblioteca así como obradoiros de formación con técnicos especializados na materia: **AS ABELLAS** e **AS ÁRBORES DO NOSO XARDÍN**. Elaborouse un vídeo colaborativo co aprendido sobre **AS ABELLAS** e colocáronse trampas para velutinas feitas polo alumnado. Ademais, creouse un inventario de “**AS ÁRBORES DO COLE DE CERVO**” coas fichas técnicas de cada árbore elaboradas coa información obtida e un itinerario con placas identificativas de cada árbore, ás que vai ligada a ficha informativa a través dun código QR. A posta en común conxunta destas actividades, tivo lugar na semana do 5 de xuño, co gallo do **Día do Medio Ambiente**, onde se visualizou o vídeo e se levou a cabo unha “busca do tesouro” na que había que ir recoñecendo árbores a través das pistas que se agachaban no noso xardín.

Todos os materiais que se foron elaborando e empregando durante este curso, centralizáronse nas seguintes ligazóns:

Blog: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/bibliocervo>

Drive: <https://drive.google.com/drive/folders/1DMdbSEGB5kgU4Z4XUQ1zgmiHw42XesnG?usp=sharing>

En todo caso, como todo proceso de Aprendizaxe Baseado en Proxectos, tivemos unha actividade final de relevancia social para a Comunidade Educativa. Nesta ocasión, ante a posibilidade que tivemos, a final de curso, de facer as xuntanzas físicas que se facían habitualmente para dar a coñecer o producto final dos proxectos documentais, organizouse un festival que tivo por nome “**ECOCERVOFEST**”, onde o alumnado deu conta das súas aprendizaxes ofrecendo aúa particular visión do coidado da saúde e do medio, incluíndo seis postos nos que se expuxeron actividades relacionadas cos tres bloques traballados.

As actividades deseñadas e desenvoltas agrupáronse da seguinte maneira:

- EN RELACIÓN COA XESTIÓN TÉCNICA E A NOSA ORGANIZACIÓN. A CONFIGURACIÓN DE BIBLIOCERVO COMO «[laboratorio creativo de aprendizaxes](#)».
- EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR, EN MATERIA DE LECTURA, ESCRITURA E HABILIDADES DE USO, TRATAMENTO E PRODUCIÓN DA INFORMACIÓN.
- EN RELACIÓN COA SÚA INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E COA EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
- EN RELACIÓN COS AVANCES HACIA UNHA ESCOLA INCLUSIVA.
- EN RELACIÓN Á PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS E INSTITUCIÓNS

#### D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO:

- ★ Recomendacións lectoras: [Nadal](#) e [verán 2022](#)
- ★ Bibliografía e [webgrafía](#) seleccionadas para facilitar o acceso á información en cada momento do proceso de busca.
- ★ [Vídeos](#) (InfoPuca) coa explicación das actividades que se ían realizar en cada momento.
- ★ Vídeos de [apertura da biblio](#) e da conmemoración do [Día das Bibliotecas](#).
- ★ Carteis orientativos para identificar os alimentos [SAUDABLES](#) e os [MENOS RECOMENDABLES](#) nas súas merendas.
- ★ [Táboa de rexistro](#) para analizar a evolución das merendas diarias.
- ★ **ALFIN/AMI** sobre os diferentes eidos da investigación: Puca quere saber sobre: “[O PAN E O CHOCOLATE](#)”, “[A ETIQUETAXE DOS ALIMENTOS](#)”
- ★ [Plantilla para as receitas](#)
- ★ [Carta de Puca](#) e [InfoPuca](#) para averiguar cales son os MEDOS más habituais entre o noso alumnado e sobre as [LENDAS](#) que nos dan medo.
- ★ “[Puca quere saber sobre... A SEMANA EUROPEA DA PROGRAMACIÓN](#)”
- ★ **MES DA CIENCIA EN GALEGO**: Puca quere saber sobre: “[ALAN TURING E TARSY CARBALLAS](#)”, “[OS POLIEDROS E AS FIGURAS XEOMÉTRICAS](#)”; “[OS VOLCÁNS”](#)
- ★ **ALFIN/AMI** sobre o coidado da mente e a paz interior: “[Puca quere saber sobre... A INDIA, O PAÍS DA PAZ](#)” e [ACS](#)
- ★ [Semana da Prensa](#)
- ★ [Día da Poesía, da Árbore e da Auga](#)
- ★ **ALFIN/AMI** para coñecer as árbores do noso xardín: [RECURSOS](#)
- ★ [Plantamos no noso xardín](#)
- ★ [Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor](#)
- ★ [Letras Galegas 2022](#)
- ★ Posta en común “As árbores do cole de Cervo”: [busca do tesouro](#)

## E. RELACIÓN DAS TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO AO LONGO DO PROXECTO

### ★ HABELAS, HAILAS: SETEMBRO E OUTUBRO

Conmemoramos o **DÍA DE ROALD DAHL** ([13 de setembro](#)); trabalho da **Alfabetización Informacional Mediática e Audiviosual**: os **MEDOS**, para proceder á súa queima o [Día do Samaín](#) e as **LENDAS** ([Onda Puca Radio](#)); obradoiro sobre alimentación con [Lucas Requejo](#), que nos mostrou, no seu [obradoiro de “Ultralimento”](#); visita á [Confraría de Pescadores e a lonxa de Celeiro](#); **CODEWEEK (SEMANA DA PROGRAMACIÓN)**: “[AXÚDASME A SUPERAR OS MEUS MEDOS?](#)” e “[PROGRAMAR PARA COLOREAR](#)”;

### ★ NADAL MAKER: NOVEMBRO E DECEMBRO

**MES DA CIENCIA EN GALEGO**: as investigacións deron como resultado novos coñecementos sobre o [lévedo da masa](#), [as cúpulas xeodésicas](#) e [os volcáns](#). Tamén realizamos [obradoiros](#) con Saray, de “Nutre tu plato” e, continuando o proceso **ALFIN/AMI**, as pescudas sobre a alimentación foron compartidas neste [PADLET](#) que empregamos para a posta en común. Ademais diso, fixemos unha actividade colaborativa coas familias: [O RECEITARIO SAUDABLE DE PUCA](#), no que recollemos aquelas receitas que elabora o noso alumnado en familia na súas casas. Outra das actividades deste mes, foi o fomento das tres **RRR** e favorecer a reciclaxe, artellando as diferentes ideas de agasallo de Nadal d@ amig@ invisible, coa premisa do “Faino ti mesma” e das RRR. Ademais, aproveitando os descansos activos, preparamos una coreografía para realizar un vídeo colaborativo para conmemorar o [25N: DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER](#). Tamén comezamos un novo proxecto **E-Twining** no que o alumnado presentou [o noso cole](#) ao resto de EUROPA. Por outra banda, o alumnado elaborou un Padlet sobre o [NADAL NO MUNDO](#), elaborouse o boletín de [recomendacións lectoras](#), imprimíronse os tradicionais **chaveiros 3D**, incluídos na bolsa de Nadal (coa postal, o agasallo e unha lambetada saudable), confeccionouse o [CALENDARIO ANUAL](#) do PDI que se compartiu con toda a Comunidade Educativa. Desde o departamento de Orientación, organizouse unha actividade para conmemorar o [DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL](#).

### ★ “PAZ, AMOR E ROCKSALÍA”: XANEIRO E FEBREIRO

Centramos as nosas investigacións durante este período no **COIDADO DA MENTE BUSCANDO A PAZ INTERIOR** que tivo como produto final este [VÍDEO-PODCAST](#) para compartir todo o aprendido. Tamén crearon un [EMOCIONARIO MUSICAL](#) a través da arte e puxeron en marcha unha [CADEA DE FAVORES](#). E, para poñer o broche final a este bloque e conmemorar o [Día da Paz e da Non Violencia](#), contamos coa visita de Nuria, experta en IOGA, coa que fixemos obradoiros nos que participou todo o alumnado. Neste mes, tamén deron comezo as xuntanzas dos **Clubs de Lectura** xa mencionados. Conmemoramos o **DÍA DA INTERNET SEGURA**, no que contamos coa visita da Garda Civil, dentro do Plan Director, para apoiar coa súa experiencia e formación esta iniciativa e concienciar sobre os perigos da rede; e, o 11, conmemoramos o **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA**. Tamén chegou a [SEMANA DE ENTROIDO](#), na que os obradoiros creativos de deseño dos disfraces se fundamentaron nas RRR, tendo como temática deste curso **os deportes minoritarios ou menos coñecidos**. Ademais, coincidindo coa semana do Entroido, conmemoramos o 21, **Día da Lingua Materna**, e o 23, o **Día de Rosalía**, no que o alumnado realizou un programa para **Onda Puca Radio** onde [compartiu](#) o aprendido e realizou un [recital de versos](#), reutilizamos camisetas antigas que

customizamos con motivos e versos “Rosalianos”, elaboramos un cadro/collage colaborativo que engadimos á nosa colección de obras e, como non, cantamos o noso “**Rocksalía**”, como é tradición no noso cole.

### ★ “UN NENO, UN MESTRE, UN LIBRO E UN LAPIS, PODEN CAMBIAR O MUNDO”: MARZO E ABRIL

Comezamos este mes co traballo **ALFIN/AMI** do derradeiro bloque do noso PDI: **O COIDADO DO ENTORNO** con obradoiros sobre **AS ABELLAS** e **AS ÁRBORES**. Tamén tivemos a **SEMANA DA PRENSA** e **8M** e contamos coa visita das xogadoras do **BURELA PESCADOS RUBÉN**, ás que o alumnado tivo a ocasión de ENTREVISTAR, para preguntar aquellas dúbihdas e curiosidades. Outra das temáticas traballadas, foron as **Fake News**, ao igual que no segundo proxecto E-Twinning titulado “**Be Smart on Line**”. Tivemos a oportunidade de contar coa xornalista alfocega Bea Yáñez. Ademais, celebramos o **DÍA DA POESÍA, DÍA DA ÁRBORE E DÍA DA AUGA** no que o alumnado creou versos marabillosos e incluso houbo quen se animou a facelo en forma de **Haiku**, obras poéticas e artísticas que foron destinadas á creación das **pezas únicas** que elaboramos anualmente. No mes de abril, conmemoramos o **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL** e **DÍA DO LIBRO E DOS DEREITOS DE AUTOR**: compartindo con todo o cole cal é O MELLOR LIBRO DO MUNDO. Continuamos realizando os **apadriñamentos lectores** entre clases irmás, que demos comezo no mes de outubro, nos que se fixeron lecturas diversas ou dramatizacións dos libros elixidos.

Outra das actividades foi un taller de “Libros alterados” da man de María Rolle, xuntanza con varias autoras e autores, como Pepe Maestro para mostrarlle o “**TRISTECICLADOR**” que o alumnado realizou, desopois de ler e traballar a súa obra “**La Biomestra**”; tamén contamos, tanto no **Club de Lectura de familias coma nas titorías**, con Nadia Gulam, coa que puidemos falar e reflexionar, co gallo do **8M**, sobre a **situación da muller en Afganistán**; e, como peche destas conmemoracións, gozamos da xenial **Paula Carballeira**, que hipnotizou, unha vez máis, coa súa arte para narrar historias.

### ★ “A ARTE DAS LETRAS”: MAIO E XUÑO

No mes das letras e das palabras, participamos na **EXPOSICIÓN ANUAL CONXUNTA DA MICRORREDE DA MARIÑA**, este ano baixo o lema “**A VOLTAS COAS PALABRAS**”, nos que se expuxeron os diferentes cadros dos Centros participantes tomando como fío común **AS PALABRAS**. No noso caso, participamos coa obra “**BIBLIOCERVO TOMA A PALABRA: MENS SANA IN CORPORE SANO**”, onde compartimos aprendizaxes e porpostas para cambiar hábitos, mellorar actitudes que nos permitan sentirnos mellor e mellorar o estado do noso planeta. Coma sempre, conmemoramos o **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** e coñecemos máis a fondo ao autor homenaxeado este ano, **Florencio Delgado Gurriarán**, ao que o alumnado lle dedicou un programa na nosa radio coa EXPOSICIÓN do aprendido e o recitado dalgúns dos poemas (**PARTE 1**, **PARTE 2**).

Fixemos, tamén, a recompilación das **PEZAS ÚNICAS** elaboradas polo alumnado e con mensaxes diversas relacionadas coa temática do noso PDI, para enviar ao **CENTRO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA**. Tamén celebramos o **ANIVERSARIO DE PUCA** cunha gran festa, con biscoito, candeas, música e unhas postais inspiradas en obras de **LAXEIRO** que o alumnado personalizou con motivo da conmemoración do **DÍA DA ARTE GALEGA NA ESCOLA** e a través das cales felicitou a Puca. Xa en xuño, concluímos a última fase do **PDI** coa finalización dos traballos **ALFIN/AMI** en relación co **COIDADO DO MEDIO**. Para a posta en común, visualizouse o vídeo “**AS ABELLAS**”, na que o alumnado compartiu as aprendizaxes adquiridas. Por outra banda, recompilamos as fichas das árbores, froito das investigacións

do alumnado, destinadas a formar parte do inventario **“AS ÁRBORES DO COLE DE CERVO”**, publicado por **PUCA EDICIÓN**s, sobre as diferentes especies arbóreas do centro, e que van enlazadas a cada un dos códigos **QR presentes na placa correspondente a cada árbore**. Estas placas colleron forma grazas á colaboración do **Concello de Cervo e dos seus operarios/as**. Para a posta en común deste traballo e con motivo da conmemoración do **DÍA DO MEDIO AMBIENTE**, fixérонse **ITINERARIOS CON BUSCAS DO TESOURO**, nas que o alumnado coñeceu mellor as nosas árbores e tentou atopar cal era cal coa axuda dos maiores das clases irmás. Foi tamén, en xuño, o momento de compoñer o noso xornal **“NIN QUITO, NIN POÑO”**, no que compartimos as actividades realizadas ao longo deste curso. E como actividade de relevancia social, celebramos o **ECOCERVOFEST**, o noso festival de fin de curso que congregou á Comunidade Educativa con actividades centradas nos tres bloques fundamentais do noso PDI “**MENS SANA IN CORPORE SANO**” e que constou coa realización de varios **obradoiros** nos que creamos **instrumentos musicais e pezas artísticas** con **material de refugallo**; outros nos que se elaboraron **merendas saudables**; e, en terceiro lugar, dous más destinados á **práctica de actividade física** con acrospot. Para a posta en común , fixose unha exposición seguindo o itinerario proposto para que todo o mundo puidese ver cada parte.

## F. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIAS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Para facilitar o acceso aos recursos e ás fontes de consulta dixitais, centralizámolos no blog da Biblioteca e no Drive, como é habitual; a bibliografía específica, expoñémola na zona de Meses Temáticos do colexio, onde todo o mundo ten acceso a ela de maneira dada. Algúns dos recursos de elaboración propia, van incluídos no **apartado D**.

A continuación, inclúense ligazóns a algúns recursos de elaboración propia e exemplos de fontes empregadas para levar a cabo a investigación:

- **ALIMENTACIÓN SAUDABLE**




- **COMIDA RÁPIDA, BARATA Y SALUDABLE**

- **MES DA CIENCIA EN GALEGO**

- **25 N: DÍA DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

- **AS LENDAS E O SAMAÍN**



- **AS 3R**

- **EN BUSCA DA PAZ INTERIOR**



- **DÍA DA INTERNET SEGURA/ DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E DA**

- **NENA NA CIENCIA/DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO/ENTROIDO**



- [8M: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER](#)
- [SEMANA DA PRENSA/ XORNAIS DO MUNDO](#)
- [AS ÁRBORES DO NOSO XARDÍN](#)
- [AS ABELLAS](#)
- [LETROS GALEGAS 2022](#)



## G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

A comunidade educativa estivo implicada neste proxecto participando nas propostas do colexio, colaborando na organización de actividades e sempre buscando a coordinación coa biblioteca.

Temos que resaltar a alta porcentaxe de familias que colaboran en todas aquelas iniciativas que lles propoñemos e que se viu limitada estes últimos anos por mor da COVID. Algunhas destas actividades foron: ["O Receitario Saudable de Puca"](#) no que colaboraron coa elaboración recompilación de receitas saudables familiares destinadas a formar parte desta nova publicación de Puca Edicións. Tamén contamos coa colaboración de Saray, mamá dun alumno do cole, para os [obradoiros de merendas saudables](#). Igualmente, a presenza das familias foi imprescindible no **ECOCERVOFEST**, coas que pudemos compartir a posta en común de todo o aprendido durante este curso.

En colaboración coa área de **EF** e **Plan Proxecta**, participamos nos **Proxectos de Vida Activa e Deportiva**, tamén ligado a un dos bloques do noso PDI en referencia ao coidado do corpo e á adopción de hábitos de vida activa e deporte.

En colaboración co equipo de **Voz Natura**, participamos nos programas do **Plan Proxecta (Proxecto TERRA, Proxecto Ríos e Recíclate con SOGAMA)**, cos que pudemos coñecer máis sobre a sostibilidade das construcións e o respecto cara os ecosistemas, o coidado da natureza, do entorno fluvial e dos ríos así como a posibilidade de coñecer e mellorar a conciencia ecolóxica grazas á formación sobre os diferentes residuos e o proceso de selección dos mesmos.

En colaboración co **EDLG**: Elaboráronse as **PEZAS ÚNICAS**, o calendario anual ["MENS SANA IN CORPORE SANO"](#), recomendacións lectoras, as nosas letras, verbas máxicas, etc.

En colaboración co **Proxecto Abalar e Edixgal**, todas aquellas actividades nas que experimentamos coa linguaxe de programación, e outras moitas actividades de alfabetizacións múltiples e de integración da biblioteca no currículo que tamén fomos describindo ao longo de toda esta memoria.

En relación con **Biblioteca Creativa e Radio na Biblio**, pudemos achegar, dunha maneira significativa, o espírito da creatividade, do traballo cooperativo e das competencias relacionadas co ámbito **STEAM**; así como empregar , como elemento motivador para o desenvolvemento das competencias lingüísticas, o noso estudio de **Onda Puca Radio**, e empregalo como plataforma comunicativa e integradora.

En colaboración co **Proxecto Lectura e Familias**, pudemos contar con expertas que nos deron a oportunidade de achegar a multialfabetización ás familias a través de diferentes experiencias, tomando como fío condutor o PDI anual.

En colaboración coa **Microrrede da Mariña**: De forma convulta todos os centros que integramos a MICRORREDE DA MARIÑA celebramos a xuntanza anual co título **"A VOLTAS COAS PALABRAS"**.

En colaboración coa **Escola de Familias**, a participación foi destacable debido á gran participación que houbo por parte das nais e pais do alumnado, chegando a asistir **33 das 100** familias do alumnado do centro.

En colaboración co **Concello de Cervo**, contamos con formación medioambiental e instalación das placas informativas das nosas árbores, actividades de concienciación medioambiental, prevención de riscos e promoción da lectura.

En colaboración cos **servizos de formación de profesorado** e outros realizáronse cursos de formación non presenciais, mediante a plataforma Platega e cursos de formación no propio centro a través do PFPP (Disciplina Positiva).

A existencia duns bos canles de comunicación entre o equipo de biblioteca e o resto dos departamentos e a comunidade educativa posibilita o bo desenvolvemento do Proxecto Interdisciplinar anual que coordina a biblioteca. Podemos pois concluir, que a implicación da comunidade educativa na biblioteca é moi alta e o papel que realiza o blog, moi importante posto que grazas a el facemos público o noso traballo cara ás familias.

## H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A difusión dos traballos fixose, principalmente, a través do noso **BLOG** e das diferentes redes sociais ([Twitter](#) e [Instagram](#)), especialmente nestes anos de pandemia que nos limitaron á hora de facer as posas en común de xeito presencial, e tamén continuou sendo a sede central dos recursos ofrecidos ao alumnado e ao profesorado para levar a cabo as diferentes buscas propostas dentro do PDI así como medio de difusión das RECOMENDACIÓN LECTORAS. Tamén se mostraron os traballos no propio colexio, con diferentes exposicións sobre as investigacións realizadas, exposición da Microrrede de A Mariña durante a semana de mostra en Viveiro, festival de fin de curso (ECOCERVOFEST). Outra plataforma de difusión, é o xornal anual **"NIN QUITO, NIN POÑO"**, onde se recollen parte das actividades realizadas durante o curso e que serve de elemento para a memoria de cursos vindeiros.

A principio de curso, tamén introducimos materiais acordes ao proxecto desenvolto nas Mochilas Viaxeiras, o que nos asegura que todo o alumnado e todas as súas familias teñen acceso aos nosos recursos, o cal favorece a compensación de desigualdades.

A memoria da biblioteca e do proxecto realizado, inclúese na MEMORIA XERAL ANUAL para a inspección educativa e máis lese no seo do consello escolar.

## I. AVALIACIÓN

Para a **Avaliación inicial** do proxecto analizouse, por un lado, os medios cos que dispoña o centro e si estes eran adecuados para o traballo proposto. Fíxose unha listaxe das necesidades de fondos a principio deste curso para así comezar coa bibliografía necesaria para poder levar a cabo documentación e investigacións relacionadas co PDI deste curso. Tamén se concretou un protocolo de actuación para o uso e acceso a Bibliocervo e todo isto recolleuse no PAL.

**A Avaliación Continua:** levámola a cabo durante todo o proceso a través das xuntanzas de profesorado, analizando como se estaban a desenvolver cada unha das actividades.

**Avaliación Final:** Levouse a cabo ao final do traballo, e sérvenos para comprobar o resultado do mesmo. Partindo desta memoria podemos comprobar si se corresponde o traballo realizado co que propuxemos nun primeiro momento no proxecto inicial, e si os obxectivos se cumpriron como estaba previsto.

Ademais, como cada curso, no mes de maio pasamos unhas enquisas ao alumnado e ao profesorado, baseadas no libro: “Biblioteca Escolar, ¿Entre interrogantes?”, onde se pedía unha valoración entre 1 e 4 das diferentes actividades coordinadas pola biblioteca e referidas ao proxecto anual “MENS SANA IN CORPORE SANO”. O noso obxectivo era analizar os cambios e melloras que se observan no alumnado, no profesorado, no centro e as repercuśóns que tivo na comunidade educativa, en xeral, a aplicación do noso proxecto. Os resultados foron satisfactorios áinda que se terán en conta as propostas de mellora para intentar satisfacer as necesidades da Comunidade Educativa.

## L. FUNCIÓN DA BIBLIOTECA NO PROCESO

A biblioteca escolar tivo un papel principal en todo o desenvolvemento do proxecto, xa que actúa de motor dinamizador e cultural da nosa comunidade. Ademais, dende que pertencemos ao PLAMBE, o proxecto interdisciplinar da biblioteca pasou a integrarse no proceso de E-A plenamente e a ser o núcleo de todas as actividades do centro e todo o claustro se implica na súa posta en práctica. Deste xeito, acadamos uns obxectivos que tiñamos marcados dende o inicio: Potenciamos e melloramos a coordinación do profesorado do centro a través do plan lector e das distintas propostas da biblioteca e tamén melloramos a práctica docente a través da metodoxía de proxectos e as alfabetizacións múltiples. A biblioteca a través do seu equipo, planificou e programou as actividades, preparou materiais, centralizou recursos, xestionou e buscó asesoramento sobre o tema a traballar e púxose en contacto cos colaboradores externos que participaron. Este curso, non pudo ser o lugar físico onde nos reuniamos para facer as exposicións e postas en común, debido á situación sanitaria, pero continuou sendo o lugar de referencia do alumnado e do profesorado, e continuará sendo o corazón do noso cole, onde medran os traballos de investigación, a formación e educación documental. Ademais disto, facilitou os fondos e recursos, puxo á disposición do profesorado e do alumnado todo canto material tiña e deuno a coñecer a través de exposicións, das mochilas viaxeiras e das caixas dos itinerarios lectores. Elaborou boletins dixitais con recomendacións lectoras e novas que difundiu entre o alumnado e as familias. Tamén se encargou de facer a avaliação do proxecto, ao longo do seu desenvolvemento e ao final, e deu a coñecer os resultados ao equipo docente. O seu papel, como se pode ver, foi fundamental para que este proxecto chegase a bo termo. Rematamos co enlace ao blog e ao drive onde están aloxados os materiais e onde se poden ver todas as actividades realizadas:

Blog: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcervo/bibliocervo>

Drive: <https://drive.google.com/drive/folders/1DMdbSEGB5kgU4Z4XUQ1zqmiHw42XesnG?usp=sharing>

En Cervo, a 30 de xuño de 2022,

**A responsable da Biblioteca**

Silvia Edrosa Rodríguez

**Vº e P. do Director**

David Rodríguez Vila